



## ÍNDICE

## RESUMO EXECUTIVO

01 XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE.....	2
02 OBXECTIVOS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. ....	5
03 AS MAGNITUDES DO PLAN.....	8
04 ÁMBITO DE SUSPENSIÓN DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS.....	13

## 01 XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE.

O artigo 60.6 da LSG establece a necesidade de incorporar entre a documentación do plan xeral de ordenación municipal que se someta a información pública un resumo executivo.

**Artigo 60. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal.**  
(...)

6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

O contido do resumo executivo ven establecido no artigo 144.6 do RLSG

*O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:*

*a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.*

*b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.*

En base ao anterior fórmulase o presente resumo executivo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón.

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Narón, do ano 2002 (PXOM'02), redactouse nun momento no que probablemente non existía unha base sociolóxica ampla preocupada polas cuestións que motivan a actual redacción do plan xeral: os límites de crecemento, a capacidade de acollida real do territorio polos usos que se implantan, o consumo de recursos (renovables ou non), a xeración de residuos e a capacidade de reciclalos, ao cambio climático, a preservación da paisaxe herdada, etc. Así, o deseño da ordenación do plan non se condicionou a ningunha destas referencias e o seu consumo de territorio e capacidade de acollida residencial non se contrastaron cos actuais criterios de sustentabilidade.

Por todo o que se dixo anteriormente e resumindo, faise patente a necesidade de revisar o plan xeral, sobre todo polos seguintes tipos de motivos:

- Adopción dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e das Directrices de Paisaxe de Galicia, como principais instrumentos de ordenación do territorio que inciden no municipio.
- A nova sensibilidade social con relación ao proceso de urbanización e de crecemento.

- A aparición dun marco legal, practicamente renovado na totalidade, un conxunto de novas leis estatais, autonómicas e plans supramunicipais, de gran incidencia na ordenación do territorio municipal. pon de manifesto a inadaptación do documento vixente, creando inseguridade xurídica.
- A aparición da lexislación de avaliación ambiental, primeiro, a Lei 2/2006, derogada e substituída pola Lei 21/2013, e o sometemento a este trámite, garantirá que as determinacións do plan non xeren impactos ambientais inasumibles.
- Instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no concello de Narón: 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia cara á Neutralidade carbónica 2021-2040, Rede viaria de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Ares, Mugar dos e Cabanas e a súa modificación, Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, Parque Eólico e Actuación industrial Río do Pozo- Sector aconsellan un novo plan que recolla todas as determinacións vinculantes de estas figuras de rango superior.
- Establecer un novo modelo para os núcleos rurais adaptado ao modelo de asentamento poboacional do Plan Básico Autonómico
- Procurar a compactación do solo urbano existente, que na actualidade presenta grandes bolsas de solo sen edificar.
- A conveniencia de corrixir certas determinacións normativas do PXOM'02 á vista dos problemas xerados e a experiencia acumulada na súa aplicación.

Estes argumentos determinan non só a necesidade da revisión senón a conveniencia da mesma, vista a problemática exposta.

O PXOM de Narón vixente, aprobouse definitivamente o 22 de abril de 2002. Por tanto este plan xeral non está adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e tampouco á Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

A revisión do PXOM'02 xustifícase así pola necesidade da súa adaptación á LSG, en aplicación da Disposición Transitoria segunda desta Lei, que establece que os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data da entrada en vigor da devandita lei haberán de adaptarse plenamente a ela.

Por tanto, dado que pasaron 21 anos desde a implantación do plan xeral vixente, faise necesario a elaboración dun novo plan xeral a un marco lexislativo moi evolucionado tanto nos temas urbanísticos como os ambientais así como a lexislación sectorial incidente e ás diferentes figuras de ordenación territorial, mellorar o proceso de xestión urbanística e integrar

o plan de desenvolvemento aprobado definitivamente, procurando unha ordenación coherente coa nova realidade socioeconómica, xurídica, urbanística e de infraestruturas do municipio e da súa contorna.

Nestes 21 anos de vixencia do plan xeral producíronse os maiores cataclismos experimentados na historia recente na economía, no sector da construción e inmobiliario, nas infraestruturas, no clima, na eclosión da internet, tanto por arriba como por abaixo, pasando da maior explosión económica á caída máis brutal; a ordenación do territorio, e a súa figura máis palpable, o PXOM, non poden permanecer alleos a todos estes acontecementos.

Unha das principais características do vixente PXOM de Narón é a clasificación de gran parte do territorio, concretamente de todo o solo rústico non protexido de maneira específica, como solo rústico apto para urbanizar (SRAU), como primeira derivada da aplicación directa do, por entón vixente, texto refundido da lei de solo estatal, RDL 2/2008, do 20 de xuño. Esta clasificación de solo supón, na práctica, a consideración de todo o solo rústico non especificamente protexido como edificable, coa tramitación dun plan de sectorización. Evidentemente trátase dun criterio de ordenación do territorio absolutamente contraditorio coas novas tendencias, que soamente por si xa fai conveniente unha revisión do plan xeral.

Por outra banda, no que se refire ao solo urbano, hai que indicar que os criterios de delimitación do solo non consolidado adoptados na redacción do PXOM'02 non obedecen en maneira algunha aos actuais e, mais concretamente, ao grao real de consolidación polos servizos urbanísticos das diferentes áreas, de tal forma que se viñeron producindo serias disfuncionalidades e graves problemáticas á hora de materializar o desenvolvemento do solo urbano.

O presente documento do plan xeral para a súa aprobación inicial polo Pleno Municipal de Narón, elaborado pola entidade ARQYUR SC, preséntase unha vez revisados os diferentes traballos que foron realizados nos últimos anos pola empresa DOLMEN, tendo en conta o resultado das consultas realizadas durante a información pública no trámite da avaliación ambiental estratéxica, os informes sectoriais recibidos, así como o informe técnico- xurídico emitido polos servizos municipais, e as indicacións do Goberno Municipal.

## 02 OBXECTIVOS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O obxectivo do presente PXOM é que conteña unha ordenación coherente coa realidade territorial e axustado ao novo marco legal territorial e urbanístico, baseado no principio de utilización racional dos recursos e o desenvolvemento sostible do territorio, contribuíndo a reforzar a estrutura social e económica e respectando os valores inherentes do territorio, pero asumindo que a realidade de Narón é irreversible en certos aspectos que teñen incidencia directa e negativa sobre o territorio, o que nos conduce a un planeamento que, forzosamente, debe asumir algunhas consecuencias de anteriores documentos.

O PXOM de Narón formula os seguintes obxectivos que terían incidencia directa na ordenación do seu territorio:

### **En relación ao sistema de asentamento residencial**

É obxectivo do plan xeral procurar a mellora e posta en valor da trama urbana de Narón:

- Partindo da actual delimitación do solo urbano de Narón, que fixa, necesaria e invariablemente, a pegada urbana, trátase de completar esta trama urbana, que presenta gran cantidade de baleiros, empregando o desenvolvemento destas bolsas para completar viarios inacabados, conseguir solo para implantar novas dotacións necesarias tendo en conta entre outros aspectos o análise da perspectiva de xénero e fomentando a compactidade e colmatación garantindo un modelo de desenvolvemento sostible e potenciando as operacións de reforma interior.
- Buscando unha relación harmónica entre o espazo público e o espazo construído.
- Mellorando a paisaxe e o confort urbano para os seus habitantes e visitantes.
- Creando máis dotacións públicas, zonas verdes e espazos libres tendo en conta as necesidades identificadas na fase de información e de análise de perspectiva de xénero, buscando a xeración de corredores que enlacen a trama urbana co medio natural circundante, especialmente cos sistemas xerais previstos no bordo costeiro e conexión coas principais dotacións.
- Permitindo a convivencia de usos e actividades compatibles.
- Promocionando vivenda social e protexida.
- Mellorando a relación do bordo ou contorna urbana coas áreas naturais.
- Mellorando a estrutura viaria, os seus accesos, así como coa previsión de maiores dotacións de prazas de aparcadoiros públicos estratexicamente situados.
- Crear as estruturas urbanas necesarias para relacionar e integrar os barrios de Narón mellorando os servizos e dotacións, mellorando a comunicación non motorizada e promovendo maior cohesión social.

### **En relación ás áreas de actividade empresarial.**

- Mellorar e potenciar as zonas industriais- empresariais dos polígonos de Río do Pozo e As Lagoas consolidando un mallado urbano de calidade e creando novas áreas para o desenvolvemento da actividade industrial- terciaria. Corrixir aspectos normativos dos plans de desenvolvemento destas áreas nas que se teñen detectado problemas ao longo destes anos de aplicación. Estes polígonos están chamados a conformar unha área económica de ámbito comarcal xunto co Parque empresarial de Leixa e a Plataforma loxística de Ferrol.
- Atender ás novas oportunidades para o desenvolvemento de actividade terciarias nas áreas de influencia das AP-9 e FE-12, espazos de gran accesibilidade e visibilidade e unha vocación tamén de alcance supramunicipal.

### **En relación ás dotacións e infraestruturas**

- Reforzar e mellorar a estrutura de comunicación viaria:
  - Propoñer melloras técnicas puntuais (rectificacións de trazado, interseccións, etc.), ou de aumento de sección transversal en certos elementos da estrutura viaria principal.
  - Asumir as determinacións do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas (e modificación).
  - Integrar as determinacións do PMUS aprobado como son:
    - A creación dunha rede de mobilidade de prioridade peonil que garanta os desprazamentos entre asentamentos e lugares de concorrencia en condicións de seguridade baixo criterios de sustentabilidade ambiental e das necesidades indicadas na análise de perspectiva de xénero.
    - O fomento do transporte público e outras formas de mobilidade non motorizadas, como a bicicleta, mediante a proposta de aparcamentos disuasorios ou de intercambio e infraestrutura de apoio á bicicleta.
    - A previsión de implantación dun carril bici ao longo da estrada de Castela.
- Tomar conciencia da importancia de integrar os terreos do porto de Ferrol e da industria siderúrxica Megasa na configuración da paisaxe urbana de Xuvia.  
Considerando que a ordenación detalla do sistema xeral portuario deberá tramitarse a través do plan especial do porto (a formular pola autoridade portuaria e a aprobar polo Concello), si cabe reflexionar no PXOM , sobre a relación física e urbanística (construtiva e de usos) entre o porto e a cidade e a repercusión que a actividade portuaria ten na función urbana como entidade complementaria.

O Sistema Xeral Portuario e o plan especial que o ordene debe posibilitar non só a integración axeitada entre a zona portuaria e o núcleo urbano de Xuvia senón que tamén debe apostar polo desenvolvemento prioritario e principal das actividades e usos con respecto aos principios de integración ambiental e urbana, evitando o apantallamento das edificacións, a rotura do campo visual da fachada marítima e a conxestión do viario de acceso ao porto.

- Reforzar e mellorar as infraestruturas de servizos de cara a unha mellor prestación á poboación, sen que interfiran ou danen os elementos do medio natural, a saúde pública, etc., e desempeñen a súa función baixo criterios de racionalidade e eficiencia.
- Reforzar e mellorar o sistema de equipamentos públicos de carácter estruturante, garantindo a accesibilidade e adecuándose ás necesidades futuras, habilitando solo para novos equipamentos asistenciais, educativos ou deportivos.
- Dotar a Narón dun sistema de espazos libres de calidade ao servizo da poboación,
  - Aproveitando o enorme potencial ambiental do Concello coa finalidade de crear novos espazos de esparexemento que permitan o acercamento da poboación de Narón e dos visitantes ao medio natural.
  - Procurando a axeitada integración entre o medio urbano e o medio natural e en especial do litoral, tratando de acadar corredores que aproximen estes espazos á maior parte da poboación. Sempre dende unha perspectiva proteccionista naqueles ámbitos de alto valor ambiental e/ou paisaxístico.
  - Creando espazos libres que faciliten a comunicación a pé ou en bicicleta entre diferentes zonas do Concello e o núcleo de Narón.

### **En relación aos valores ambientais e os recursos naturais**

Narón conta cun conxunto de elementos e sistemas ambientais merecentes de protección e posta en valor. En base o anterior o plan xeral formula os seguintes obxectivos:

- Protexer os valores naturais do territorio coa finalidade de preservar os hábitats máis salientables como son a franxa litoral, os corredores ecolóxicos, os humidais, e os bosques e áreas forestais protexidas do Concello.
- Protexer a paisaxe, en especial, a paisaxe litoral que constitúe un recurso que se pretende salvagardar, buscando o equilibrio entre o desenvolvemento urbanístico ordenado e os criterios de protección, tomando como referencia os principios expostos no POL, en especial as súas áreas de protección.
- Potenciar a imaxe exterior que se ten tanto desde a ría como desde terra, prestando especial atención á mellora da calidade da fachada marítima, evitando as

transformacións bruscas da súa natureza, dirixindo cara á costa os espazos libres para procurar un uso e gozo do bordo litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos e dando prioridade a permeabilidade visual e funcional.

- Procurar o ‘esponjamiento’ do bordo marítimo como lugar de contacto coa ría como lugar de encontro e cohesión social.
- Mellorar e conservar os elementos naturais que identifican a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para a súa posta en valor (praias, accesos, aparcadoiros, etc.).
- Buscar un modelo compacto de desenvolvemento urbano, evitando a dispersión de zonas urbanizables no territorio, que deberán localizarse lindeiros co actual solo urbano do concello. Os novos usos residenciais fórmulanse no interior da pegada urbana existente.
- Preferencia polos desenvolvementos urbanísticos cara ao interior, preservando o bordo litoral.
- O patrimonio histórico e cultural de Narón precisa dun axeitado tratamento no PXOM co obxectivo de impedir a súa desaparición a estes efectos fórmulanse os seguintes obxectivos:
  - Realizar unha sondaxe intensiva dos elementos existentes no territorio de tipo arquitectónico, etnográfico, arqueolóxico, etc., co obxecto de elaborar un inventario mais exhaustivo que o actual realizando un Catálogo de elementos co grao de protección que corresponda segundo a vixente lexislación de patrimonio cultural.
  - Promover, no seu caso, as medidas oportunas para a súa posta en valor cando estes sexan susceptibles de ser gozados pola cidadanía.

### 03 AS MAGNITUDES DO PLAN.

#### TÁBOA Nº 1. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO.

Clase	Categoría		Superficie (ha)	%*
Solo Urbano	Consolidado	SUC	Narón: 409,60	6,12
			Río do Pozo: 230,30	3,44
	Non consolidado	SUNC	110,20	1,65
Solo Urbanizable	Terciario	SUB.TER	33,69	0,50
	Industrial	SUB.IND	157,23	2,35
Solo de núcleo rural	Tradicional	SNRT	491,06	7,34
	Común	SNRC	677,20	10,12
Solo rústico de protección	Ordinaria	SRPO	103,92	1,55*
	Agropecuaria	SRPA	2.765,50	41,34*

Costas	SRPC	405,53	6,06*
Augas	SRPAU	1.514,24	22,63*
Infraestruturas	SRPIN	4.379,46	65,46*
Paisaxística	SRPPX	383,24	5,73*
Patrimonial	SRPP	412,93	6,17*
Espazos Naturais	SRPEN	492,97	7,34*

/\* Proporción referida á superficie xeográfica do concello (66,90 Km<sup>2</sup> = 6690Has)

## TÁBOA Nº 2. ÁMBITOS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

CÓDIGO	TIPO	USO GLOBAL	SUP. BRUTA (m <sup>2</sup> )	INDICE EDIF (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP. EDIF. (m <sup>2</sup> )
AC-01	RIRU	RES	20.026	1,2	18.611
AC-02	RIRU	RES	9.627	1	7.430
AC-04	<b>URBA</b>	RES	29.327	0,4	11.211
AC-06	RIRU	RES	15.175	1,2	17.247
AC-07	RIRU	RES	6.906	2	11.318
AC-08	RIRU	RES	8.975	1,9	15.586
AC-09	RIRU	RES	7.747	1,75	6.421
AC-10	RIRU	RES	10.442	1,75	13.991
AC-11	RIRU	RES	7.091	1,5	9.570
AC-12	RIRU	RES	24.678	1,5	33.630
AC-13	RIRU	RES	6.911	1,1	6.898
AC-14	RIRU	RES	15.971	1,25	18.251
AC-15	RIRU	RES	17.961	1,25	21.944
AC-16	RIRU	RES	8.910	1,25	9.928
AC-17	<b>URBA</b>	RES	25.978	0,7	18.008
AC-18	RIRU	RES	3.248	1,5	4.215
AC-19	RIRU	RES	3.666	1,1	3.140
AC-20	RIRU	RES	3.550	1,25	4.205
AC-21	RIRU	RES	3.781	0,45	1.702
AC-22	RIRU	RES	4.831	1,5	6.814
AC-23	<b>URBA</b>	RES	50.542	0,4	20.003
AC-24	RIRU	RES	4.095	1,0	4.095
API-01-	API	RES	11.035		14.285
API-02-	API	RES	8.571		9.000

CÓDIGO	TIPO	USO GLOBAL	SUP. BRUTA (m <sup>2</sup> )	INDICE EDIF (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP.EDIF. (m <sup>2</sup> )
F-01	RIRU	RES	10.166	1,4	11.379
F-02	RIRU	RES	9.307	1,1	10.103
F-03	RIRU	RES	3.316	1	2.702
F-04	RIRU	RES	10.445	1,75	17.102
F-05	RIRU	RES	2.717	1,75	4.181
F-06	RIRU	RES	11.376	1,25	13.756
F-07	RIRU	RES	10.124	1,35	13.234
F-08	RIRU	RES	3.458	1,5	5.187
F-09	RIRU	RES	6.962	1	6.962
F-10	RIRU	RES	6.979	1,75	10.908
F-11	<b>URBA</b>	RES	15.498	0,5	7.561
F-12	<b>URBA</b>	RES	60.410	0,4	23.815
F-13	<b>URBA</b>	RES	45.311	0,4	17.401
F-14	RIRU	RES	10.501	0,85	8.884
G-01	RIRU	RES	2.049	1,8	3.688
G-02	RIRU	RES	2.359	2,5	5.654
G-03	RIRU	RES	2.226	2,5	5.566
G-04	RIRU	RES	2.420	2,25	5.211
G-05	RIRU	RES	7.682	1,4	8.924
G-07	RIRU	RES	4.729	1,5	5.792
G-08	RIRU	RES	12.907	1,75	22.475
G-09A	RIRU	TER	4.605	0,7	TER:3.223 RESID: 691
G-09B	RIRU	RES	1.836	2	3.672
G-10	RIRU	RES	8.576	0,45	3.371
G-11	RIRU	RES	10.233	0,9	8.992
G-12	RIRU	RES	1.080	1,75	1.584
G-13	RIRU	RES	1.277	2,5	3.193
L-01	<b>URBA</b>	<b>IND</b>	23.180	1	IND: 23180
L-02	<b>URBA</b>	<b>IND</b>	54.072	1	IND: 54072
L-03	<b>URBA</b>	<b>IND</b>	32.676	1	IND:32676

CÓDIGO	TIPO	USO GLOBAL	SUP. BRUTA (m <sup>2</sup> )	INDICE EDIF (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP.EDIF. (m <sup>2</sup> )
L-04	<b>URBA</b>	RES	56.663	0,45	21.349
API-04-RES	API	RES	4.813	0,4	RES: 2462 TER: 630
OC-01	RIRU	RES	15.700	0,4	6.079
OC -02	<b>URBA</b>	RES	26.426	0,4	10.184
OC -03	RIRU	RES	10.923	0,4	4.369
OC -04	RIRU	RES	32.683	0,4	12.851
P-01	RIRU	RES	13.146	0,85	10.678
P-02	RIRU	RES	7.618	1,25	9.027
P-03	RIRU	RES	3.054	1,5	4.582
P-04	RIRU	RES	14.177	0,55	7.496
P-05	RIRU	RES	13.045	0,75	9.050
P-06	RIRU	RES	7.260	0,7	5.082
P-07	RIRU	RES	12.101	1,25	14.447
P-08	RIRU	RES	11.449	0,9	9.656
P-09	<b>URBA</b>	RES	24.362	0,45	10.755
P-10	RIRU	RES	9.540	0,6	5.382
P-11	<b>URBA</b>	RES	14.628	0,4	5.245
API-03-	API	RES	9.082		6.657
S-01	RIRU	RES	3.661	2,5	8.992
S-02	RIRU	RES	11.916	1,75	18.439
S-03	RIRU	RES	2.627	2,5	6.002
S-04	RIRU	RES	4.413	2,5	6.861
API-05-	API	RES	12.550		12.280
API-06-RES	API	RES	14.069		RESID: 16.408 TER: 3885
X-01	RIRU	RES	12.073	1,25	12.885
X-02	RIRU	RES	25.223	1	24.081
X-03	RIRU	RES	8.968	1,75	15.694
X-04	RIRU	RES	4.559	1,75	7.979
X-05	RIRU	RES	13.660	1,25	15.747

CÓDIGO	TIPO	USO GLOBAL	SUP. BRUTA (m <sup>2</sup> )	INDICE EDIF (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP.EDIF. (m <sup>2</sup> )
X-06	RIRU	RES	12.219	1,25	15.274
X-07	RIRU	RES	2.612	2,5	6.265
<b>TOTAL DISTRITO 1</b>			<b>1.102.038</b>		<b>RESID: 855.152</b>

TÁBOA Nº 3. SECTORES DE SOLO URBANIZABLE.

CÓDIGO	USO	SUP. BRUTA (m <sup>2</sup> )	EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP. EDIFICABLE (m <sup>2</sup> )	SUP. RESID. (m <sup>2</sup> )
SUB-01	TER	38.675	0,7	27.072,5	0m <sup>2</sup>
SUB-02	TER	133.336	0,7	93.335,2	0m <sup>2</sup>
SUB-03	DOT	46.731	1	46731,0	0m <sup>2</sup>
SUB-04	TER	164.880	0,7	115.416,0	0m <sup>2</sup>
SUB-05	IND	58.361	0,6	35.016,6	0m <sup>2</sup>
SUB-06	IND	234.409	0,6	140.645,4	0m <sup>2</sup>
SUB-07	IND	555.274	0,3	166.582,3	0m <sup>2</sup>
SUB-08	IND	723.280	0,3	316.984,0	0m <sup>2</sup>

TÁBOA Nº 4. ÁREAS DE ACTUACIÓN INTEGRAL EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.

CÓD.	NÚCLEO RURAL	SUP. ÁMBITO (m <sup>2</sup> )	EDIFICABILIDADE DE (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP. EDIFICABLE (m <sup>2</sup> )	SUP. RESID. (m <sup>2</sup> )
AAI-01	1212 Muiño do vento	49.970	0,25	12.492,5	12.492,5
AAI-02	0005 Feal	33.792	0,25	8.448,0	8.448,0
AAI-03	0110 Gadoi	23.006	0,25	5.751,5	5.751,5
AAI-04	0113 A Pena de Embade	22.824	0,25	5.706,0	5.706,0
<b>TOTAL</b>		<b>129.592</b>	<b>-</b>	<b>32.398,00</b>	<b>32.298,00</b>

#### 04 ÁMBITO DE SUSPENSIÓN DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS.

Conforme ao establecido no artigo 47.2 da LSG. o acordo de aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio en que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

Dado que as novas determinacións do Plan Xeral levan consigo a súa plena adaptación ao novo marco normativo derivado da LSG e á nova lexislación sectorial incidente acórdase suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no conxunto do territorio do termo municipal de Narón, agás naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións do vixente PXOM'02 e as do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente nos seguintes termos:

- En solo rústico, poderán outorgarse licenzas sempre que se dea cumprimento ao establecido na Disposición Transitoria Primeira 2.d) da LSG.
- No solo de núcleo rural, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do planeamento vixente e as do plan aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na Disposición Transitoria Primeira 2.c) da LSG.
- No solo urbano, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do planeamento vixente e as do plan aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na Disposición Transitoria Primeira 2.a) da LSG.

Igualmente poderán outorgarse licenzas nos seguintes ámbitos:

- Nas áreas de planeamento incorporado (API) que o Plan Xeral incorpora á ordenación como planeamento subsistente.

Por último, poderán outorgarse licenzas que teñan por obxecto a realización de obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso previsto, así como aquelas para obras de reforma, consolidación ou ampliación, rehabilitación e as de dotación de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade segundo a normativa vixente, cumprindo en calquera caso as condicións establecidas no plan xeral vixente e no plan aprobado inicialmente. Igualmente poderán existir os actos de comunicación previa e de primeira ocupación cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

A suspensión de licenzas terá unha duración máxima de dous anos contando desde a devandita aprobación inicial, e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.



Äsinado en A Coruña outubro de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto  
Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto  
Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda. Arquitecta  
Codirectora dos traballos